

# CONXELAR OBXECTOS

Para facer esta experiencia necesitarás primeiro recolectar obxectos, ben poden ser flores, tréboles, froitas, follas, xoguetes pequenos... cada un/unha o que queira.

Unha vez que os teñas colócalos nunha cubiteira ou recipiente para facer xeados teralo que encher de auga para gardalo no conxelador durante unhas horiñas ou ata o día seguinte.



O obxectivo desta actividade será experimentar os distintos estados da auga:

- FRIO para pasar de líquido a sólido
- CALOR para pasar de sólido a líquido

Podemos sentir o frío na pel, experimentando e apreciando o efecto “pel de galiña”

Tamén podedes buscar distintas formas de calor para conseguir que se derrita:

- Deixalo ao sol
- Frotalo coas mans
- Darlle cun secador
- Deixalo a temperatura ambiente

QUE PASARÁ COS OBXECTOS?

COMO CONSEGUIREDES QUE SE DERRITA ANTES?

Animádevos a facer as vosas hipóteses e despois comprobalas!

Outra variante sería facer excavacións de xeo para liberar os bonecos atrapados:



Para iso necesitades un recipiente máis grande onde meteríades varios bonecos e os cubrides de auga para meter no conxelador. Cando xa esté formado un bloque necesitades un martelo de man ou algo para golpear e poder liberalos canto antes.

Se sodes máis dun podedes xogar a ver quen é máis rápido liberando a todos os prisioneiros.

Se queredes que sexa máis chamativo tamén lle podedes botar colorante alimenticio, e así será de cor.



**SEGURO QUE PASADES UN RATO MOI DIVERTIDO!**